



## DECRETO DA PRESIDENCIA

**ASUNTO:** Creación dunha listaxe de aspirantes para a provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/000376

**EXPEDIENTE DE ORIXE:** 2022/X999/000422

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Mediante Decreto da Presidencia núm. 323/2022, de data 29 de setembro de 2022, aprobáronse as bases e convocatoria para a provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, mediante o sistema de oposición libre.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes mediante Decreto da Presidencia núm. 344/2022, do 24.10.2022 aprobouse o listado provisional de admitidos/as ao proceso de selección, outorgándose un prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita resolución na sede electrónica e na web do Consorcio (24.10.2022), para emendas.

Mediante Decreto da Presidencia núm. 349/2022, de data 27 de outubro de 2022, aprobouse a relación definitiva de admitidos/as ao proceso de selección, designándose ao membros do tribunal cualificador, e convocando aos aspirantes para a realización do exame da fase de oposición o día 2 de novembro de 2022.

Logo da corrección e resolución das alegacións presentadas, polo tribunal cualificador, con data 21 de novembro, elévase proposta á esta Presidencia para a súa resolución.

Logo do exposto, de conformidade co disposto na base OITAVA das que regulan o procedemento, e ao abeiro das competencias atribuídas polo artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 14 dos estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

### RESOLVO :

**PRIMEIRO-** Aceptar a proposta formulada polo tribunal cualificador e, en consecuencia, aprobar a creación dunha listaxe de aspirantes para a provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativas/os do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña; con todos os aspirantes que superaron o exercicio da fase de oposición, e ordenados por orde de maior a menor puntuación obtida no proceso selectivo:

### Resultados do proceso selectivo:

Número de código	Exame tipo test	Exame práctico	Puntuación Total
Abelenda Barreiro Yolanda	36,50	11,50	48
Rodríguez Benlloch Fernando	34,75	12,75	47,50
Vilanova Añón Cristina	31,25	16	47,25
Figueiras Mallo Alba	33,25	11,50	44,75
Lorenzo Pazos Berta	31,50	11,75	43,25
Santín Castro Hugo	27,75	15,25	43
Reino Rey Alba Andrea	31	11,25	42,25
García Sánchez-Bálgoma Pilar	31,75	10,50	42,25
Gomez Bolón Daniel	31,50	10,50	42
Sánchez Fernández Almudena	31,25	10,25	41,50
Méndez Gallart María Cristina	29	12	41
Astray Viqueira Natalia	29,25	10	39,25
Saavedra Roel Isabel	27,50	10	37,50

Este documento está asinado electronicamente. Pódese comprobar a súa integridade na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña <https://sede.cciacoruna.com/gl/> mediante o código de verificación(CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público



Reigosa Lombao Agostiño	25	10,25	35,25
Pallas Aldao Sara	22,75	12,25	35
Soto Vivero Jesús Manuel	22,75	11	33,75
Osinde Vázquez Mónica	23	10	33
Retortillo Novo Laura	22,50	10,25	32,75

**Lista de aspirantes:**

Nº	Nome e apelidos	Puntuación
1	Abelenda Barreiro Yolanda	48
2	Rodriguez Benlloch Fernando	47,50
3	Vilanova Añón Cristina	47,25
4	Figueiras Mallo Alba	44,75
5	Sánchez Fernández Almudena	43,50
6	Lorenzo Pazos Berta	43,25
7	Santín Castro Hugo	43
8	Reino Rey Alba Andrea	42,25
9	García Sánchez-Bálgoma Pilar	42,25
10	Gomez Bolón Daniel	42
11	Méndez Gallart María Cristina	41
12	Astray Viqueira Natalia	39,25
13	Saavedra Roel Isabel	37,50
14	Reigosa Lombao Agostiño	35,25
15	Pallas Aldao Sara	35
16	Soto Vivero Jesús Manuel	33,75
17	Osinde Vázquez Mónica	33
18	Retortillo Novo Laura	32,75

**SEGUNDO.-** Facer público o presente acordo mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.

**TERCEIRO.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno do Consorcio na vindeira sesión.

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,  
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,  
Asdo.: M<sup>a</sup> Graciela Riveiro Moreira.